



OS NÓSOS MITOS



ÍNDICE

- EDITORIAL..... 2
- PROGRAMA SÓCRATES. COMENIUS 1..... 3
- MITOS, LENDAS E OUTROS MISTERIOS..... 4
- CONTA QUE TE CONTA 24
- OS PEQUENOS TRASNOS..... 26
- METEN MEDO 28
- PEDRO CHOSCO..... 32
- A DONIÑA CERVA 34
- A SEREA MARUXAINA..... 38
- A LENDA DO LORO RAVACHOL..... 40
- NA AUGA NON SÓ HAI PEIXES..... 42
- A SÚA MEIGA FAVORITA 46
- A LENDA DA COCA 48
- CACHAMUIÑAS, UN HEROE LEXENDARIO..... 49
- OS RÍOS LEVAN AUGA E MOITOS PERIGOS..... 50
- ANIMAIIS FABULOSOS 51
- A LENDA DOS MARIÑOS..... 54
- O TARDO..... 57
- SON O DEMO 58

EDITORIAL

Este ano tratamos xa a nosa mitoloxía tradicional durante a celebración do entroido, e agora correspóndelle a esta revista tentar acercarnos un pouco máis ó noso mundo mitolóxico, hoxe en parte perdido ou a piques de desaparecer.

Podemos dicir que a idea de dedicarse este ano a traballar a mitoloxía tradicional está enmarcada dentro do programa europeo Sócrates que o centro leva adiante con outros colexios europeos cun título tan suxerente como: "*Viaxando pola Europa dos Mitos*".

A mitoloxía tradicional chegou ata nós en forma de lendas orais e, polo tanto, deterioradas ou evolucionadas; pero móstrannos a imaxinación dos nosos antepasados ante algo que se lle presenta como marabilloso ou intrigante.

Estes pequenos seres ou deuses que emerxen das augas, dos bosques, dos penedos, das mámoas, dos castros, etc... deron lugar a moitas lendas e crenzas de fácil comunicación co máis alá e á creación de "divinidades".

Este mundo encantado polos mouros, a xente cativa, as meigas e demais seres, representa o saber tradicional do pobo. E queremos que ese mundo marabilloso o poidas sentir nesta revista que hoxe che presentamos, pedindo ó mesmo tempo que sufras con paciencia os trasnos que poidan aparecer.

Acercarnos ó mundo da mitoloxía tradicional fainos valorar unha manifestación do espírito humano, e recoñecemos como membros creativamente orixinais dunha cultura que pode ofrecer ó mundo moderno todo un amplísimo abono de experiencias vividas ó longo de moitos séculos.

Gracias a todos pola vosa colaboración no traballo de búsqueda e intento de recuperación da nosa memoria histórica.





Educación e cultura

PROGRAMA SÓCRATES. COMENIUS 1

O noso centro ven desenvolvendo no presente curso, e seguirá por dous máis, un proxecto europeo que baixo o título: *"Viaxando pola Europa dos mitos"* ten como centros asociados as escolas seguintes: 2º Dimotiko Scholio Paralías Achaias de Patras en Grecia e o Instituto Marymount de Roma. Italia.

Os obxectivos específicos de Sócrates son, entre outros, o reforzamento da dimensión europea da educación en tódolos niveis, fomentar unha mellora cuantitativa da aprendizaxe das linguas da Unión Europea Europea, promove-la cooperación e a mobilidade no ámbito da educación e fomenta-las innovacións no desenvolvemento de prácticas e materiais educativos.

O tema que este ano traballamos, encardinado na Programación Xeral do Centro, tenta facer un estudio pormenorizado dos mitos populares e todo o que os redea, lendas, cantigas, seres fabulosos, personases, enclaves... e que servirán como eixo transversal das actividades do noso Colexio así como traballos de campo, elaboración de unidades didácticas, dramatizacións, exposicións, etc.

Dentro da relación cos nosos centros asociados fixemos unha xuntanza en Vigo no mes de abril na que se trataron aspectos específicos relativos ó noso tema de estudio e as delegacións de profesores tiveron oportunidade de contactar coa nosa realidade educativa e co entorno. O noso Centro fará unha viaxe de traballo a Grecia no mes de maio onde se continuará complementando o desenvolvemento das actividades programadas no noso proxecto.

MITOS, LENDAS E OUTROS MISTERIOS...

OS ALUMNOS DE 5º E 6º NIVEL DO COLEXIO INTENTARON, NESTE PEQUENO TRABALLO PARA A REVISTA, RECOLLER ALGUNHAS LENDAS E CLASIFICALAS NUN CONTEXTO XERAL DA MITOLOXÍA TRADICIONAL GALEGA. A TAREFA NON FOI FÁCIL, PERO SI POSITIVA PARA PODER APRECIAR MELLOR O QUE QUEDA DA NOSA CULTURA ORAL.

1-INTRODUCCIÓN ÓS MITOS E LENDAS TRADICIONAIS

2- AS CRIATURAS DOS MONTES

Mouras

Mouros

Tesouros

As cobras

O Lobishome

3- CRIATURAS MÁXICAS

Bruzas e meigas

Trasnos

Demos

4- CRIATURAS DAS AUGAS

Os Nubeiros

As Lavandeiras

As Sereas

As Lumias

As Cidades asolagadas

5- CRIATURAS DA NOITE

A Compañía

A Morte Branca e Negra

6- CRIATURAS QUE METEN MEDO OS NENOS

O Cocón

O Home do Saco

O Sacaúntos

O Chupasangués

1- INTRODUCCIÓN ÓS MITOS E LENDAS TRADICIONAIS

Intentar diferenciar os mitos das lendas non resulta doado, aínda que podemos dicir que no mito todo é estimado como verdadeiro e a lenda combina verdade e ficción. As lendas son narracións que parten de situacións históricas e que van incorporando elementos de ficción.

O mito é unha narración que dende unha linguaxe simbólica alude xeralmente ó nacemento do universo ou a como se orixinaron as crenzas, os ritos e as formas de vida dun pobo como neste caso o galego.

Outra diferenza entre mito e lenda é que a lenda se relaciona cun lugar e unha época determinada, e o mito alude a elementos sobrenaturais que están fóra do tempo.

Pero a pesares das diferencias entre mito e lenda, en ambos tipos de narración hai moito de común como é a imaxinación e non é fácil facer unha diferenciación.

Todas estas lendas e mitos foron pasando de boca en boca durante miles de anos. Teñen a interese dunha cultura non escrita, pero non por iso tan válida como os documentos históricos.

Estes seres míticos teñen unha gran capacidade de metamorfose, de cambiar e converterse noutra cousa, *!ten coidado!* Intentaremos pasalo ben con eles e coñecelos un pouco mellor, tendo en conta que fixemos unha terminoloxía e unha clasificación un tanto provisional, pois a mesma palabra pode designar unhas veces un ser e outras veces outro.

Pero deixando á marxe a terminoloxía, imos soltar a nosa imaxinación e adentrarnos neste misterioso mundo da mitoloxía tradicional.

2- CRIATURAS DOS MONTES

AS MOURAS

As mouras son mulleres guapas e encantadas que viven nas fontes, castros, mámoas e ruínas de antigos monumentos; baixo a auga ou baixo a terra. Teñen cabelos loiros, a pel branca e as meixelas con lixeiros tons vermellos. Lavan , tecen e peitean os seus cabelos á luz do sol. Gardan tesouros.

Sacan os seus obxectos máxicos de ouro e póñenos a asollar nunha tenda . O que pase pode elixir o que máis lle gusta. Pero, se atopas unha, ten coidado en dicirlle que o que máis che gusta é a tendeira.

Ás veces preséntanse como unha guapa moza e quedan cun mozo para o día seguinte e, á hora da cita, en vez de guapa moza, vén unha enorme cobra, que lle pide un bico. Se a quere desencantar, para conseguir o seu amor ou as riquezas prometidas, tenllo que dar. Son perigosas e poden producir a morte do mozo por vinganza. Desexan ser desencantadas e colaboran dando instrucións e indicando onde están os tesouros.

Tamén poden cebar os porcos a cambio de algo, e agasallan co seu ouro a quen lles axuda. Pero non se pode contar o trato feito con elas, se non o ouro convértese en carbón.



"Na poza da moura en Domaio din que vivía alí unha muller moi guapa, que se peiteaba cun peite de ouro. E que na mañanciña de San Xoán saía unha galiña con pitos."

"No medio do río en Arnoia, cerca da ponte, había unha moura peiteándose. Pasaron por alí uns segadores que ían para Castela. Esta díxolle que tiña alá uns parentes e se lle podían levar un regalo. Eles así o fixeron pero ó entregalo estoupou e morreu o señor.

Cando volveron para Galicia a familia do que morrera deulle ós segadores unha faixa para que lla entregasen á moura de Arnoia, e para un deles unha madeixa de seda que non se acababa nunca, pero cando a súa muller tecese que ninguén a vise.

Cando chegaron entregaron a faixa á moura, pero esta colleuna e púxolla a unha cerdeira e, ó mesmo momento, ardeu.

A madeixa deulla o segador á súa muller, encargándolle que ninguén a vise. A madeixa nunca se acababa, pero un día viuna unha veciña tecendo e acabouse."

"Da Terra de Montes chéganos unha lenda que nos conta que debaixo do castro de Loureiro vive unha fermosa moza que baixa a contemplarse nas augas do río Lérez. Un día un mozo estivo falando con ela e esta



levouno ata a cova. Alí había trabes de ouro, potas, cuncas e pratos, todo de ouro. Ata unha galiña de ouro que poñía ovos de ouro. Pero tamén lle contou que había unha trabe de brea que queimaría a quen se achegase ós seus tesouros."

OS MOUROS

Son un pobo máxico, hoxe agachado baixo a terra. Fan vida nocturna e normalmente son de cor negra ou terrosa, aínda que algúns son louros e brancos. Segundo a mitoloxía son os constructores dos castros, mámoas, castelos, petroglifos e penedos. Viven baixo as súas propias construcións, sobre todo nos castros. A pesar da súa calidade de máxicos, fan actividades propias dos humanos: teñen cabalos, crían galiñas, matan porcos, comen e beben e van ás feiras. Pero ademais gardan tesouros e fan tratos cos mortais: os mouros ofrecen o seu ouro a cambio dalgún favor, aínda que o principal compromiso é que se lle garde o segredo. Se se conta, o ouro vólvese carbón.


"Un avó infórmanos que en Meira, indo para Cangas, hai un castro onde viviron os mouros, e que se comunicaban dende alí ata o río por unha cova para levar os cabalos a beber, pero que agora a cova está cortada pola estrada nova."

OS TESOUROS

Poden estar encantados e protexidos por un mouro, moura, serpe ou outro ser . O tesouro case sempre é de ouro e pode ter forma de obxecto , animal, vexetal ou persoa. Entre os que toman forma de obxecto hai lámpadas, carros, arados, peites, moedas , etc...; entre os que teñen figura de animais hai carneiros, bois, cabalos, etc... Entre as imitacións a minerais hai pedras, carbón e as perigosas trabes ou vigas que, ademais da de ouro ou prata, poden ser de veneno ou alcatrán.

"No castro de Celanova din que hai dúas minas: unha de ouro e outra de veneno con alcatrán; como non se sabe cal é a de ouro, ó tocarlle á de veneno con alcatrán ardería todo o pobo."

"Contoume miña avoa que un vello de Gondomar foi ó monte do Castro a buscar un tesouro que deixaran os mouros. Só atopou pedras que se convertirían en ouro se soubese desfacer o encanto. Pois seica hai que atopar a cobra e bicala na testa."



AS COBRAS

Atopámolas moitas veces gardando tesouros e seres encantados. Cando dormen profundamente será o momento de desencantar a bela moza ou de obter o tesouro. Para matalas hai que cravarlle algo na garganta pois ten unhas escamas durísimas.

A relación destas serpes ou cobras cos tesouros escondidos polos mouros aparece en moitas lendas.



"Contoume

meu avó que fai moito tempo había no monte unha cobra moi grande, que baixaba ó pobo a comer algunha ovella ou carneiro. Un día os veciños puxéronse de acordo para desfacerse dela e ataron unha corda como un adival ós cornos dun castrón, déronllo a comer e logo arrastrárona ata o río e alí a mataron."

"Conta meu avó que na Lagoa da Serpe, na serra de Pena Trevinca, había unha serpe moi grande que todos a temían; pero que as noites de lúa chea esta serpe se convertía nunha fermosa muller. Unha noite de lúa un mozo da aldea da Ponte, que é a máis próxima á lagoa, foi ver a serpe, e cal foi a súa sorpresa que se atopou cunha moza moi fermosa. Logo espera ata que abriu o día e cando de novo se converteu en serpe, bicouna na boca e apareceu a moza que el vira pola noite. Pasou un tempo e puideron casarse. Por iso alí lle chaman a Lagoa da Serpe."

O LOBISHOME



Un home ou unha muller por ser o sétimo ou o noveno fillo sen ter irmáns de distinto sexo interposto, ou por meigallo, pódense ver obrigados a tomar figura de lobo nun momento determinado.

O lobishome aparece metade home e metade canino, brazos e pernas longos, enormes garras, e pode ser bípedo ou cuadrúpedo, segundo as circunstancias; os ollos vermellos e sesgados que se tornan verdosos coa luz da

lúa; o ataque ós humanos é despiadado e bestial, sendo crenza que a súa ferida infecta e non cura, e se te come deixa a túa man esquerda.

"Conta miña avoa que polos montes de Celanova houbo un home lobo que de día era unha persoa normal pero que de noite, nunha época determinada, era lobo e matou sete mozas."

3- CRIATURAS MÁXICAS

BRUXAS E MEIGAS

As bruxas son mulleres que teñen poderes e coñecen receitas para causar dano. Pódese chegar a bruxa por tres camiños: por nacemento, por herdanza ou por pauto co demo.


Fan algún mal tódolos días: secan colleitas, sementan pragas de piollos, enferman o gando, métennos a gripe... Para facer estas maldades poden transformarse en coruxas, gatos, arañas ou moscas raxadas.

Para voar ós aquelarres ou congresos úntanse co cacho, composto de graxa de porco, po de rabo de lagarta, ósos de defunto e unto de sapo. Despois, montadas nunha vasoira voadora, saen pola cheminea.

As meigas son parecidas ás bruxas pero son mulleres que poden efectuar conxuros positivos, tal como as curandeiras.

" Na aldea miña avoa di que puñan a noite de San Xoán uns croques na porta contra o mal de ollo das bruxas."

"Os vellos de Coiro en Cangas din que antes lles contaban os seus avós que as vían voar ata a praia, pero agora coa luz eléctrica as espantaron."



OS TRASNOS

Son especialistas en facer trasnadas, é dicir, toda clase de falcatruadas. Teñen moitos nomes e preséntanse como un home pequeno con cornos, rabo e a man esquerda furada. É o causante de moitos quebradeiros de cabeza, pois descoloca as cousas.


Contan que ás mozas novas preséntaselles como un meniño espido e abandonado, elas recóllenno e, alá pola media noite, brincan da cama e agradécenlle entre risadas que lles quentase o cú e demais servicios.

Para ter o trasno ocupado e que non nos moleste, é bo pórllle unha cunca de gran miúdo. O trasno vira a cunca e despois pasa a noite contando e recollendo os grans. Como só sabe contar ata dez, está toda a noite volvendo a empezar. Inda que saiba contar, cáelle o gran polo furado da man esquerda, vólvese tolo, e abandona o lugar.



O parente próximo do trasno é o diaño burleiro que actúa preferentemente fóra da casa e é moi amigo de saír lle ós mozos cando regresan da festa.

"Contoume meu pai que llo contaba o seu avó, que antes ían ás festas andando, non como agora, xuntábanse os mozos na taberna e saían camiñando polo monte ó lugar



correspondente. Viñan de regreso unha noite moi escura e apareceulle un cabaleiro cun cabalo. Eran moitos pero todos puideron subir ó cabalo coa invitación do cabaleiro, viñan moi ben, pero cando foron cruzar o río o cabalo e o cabaleiro desapareceron e caeron todos á auga."


Para liberarte dos trasnos e demais criaturas debes sempre seguir os consellos da túa avoa.

OS DEMOS

Existen moitos demos e contan cunha rixida xerarquía. O demo maior é un tirano que domina ós outros.

O demo pódese disfrazar de castrón, carneiro e doutros animais, pero tamén podemos velo como un bo mozo e falando castelán.

"Unha avoa contounos que un día sendo ela mociña foi a un baile á casa do pobo, (tamén lle chamaban a casa da obra), e presentouse un mozo guapísimo. Todas queríamos bailar con el, ata que nun momento, non sei como, lle vimos as patas de cabrito e ó instante desapareceu."



Hai tamén uns demos diminutos chamados demachiños, que producen enfermidades meténdose no corpo, entre a comida.

As bruxas teñen caixas cheas de demachiños, así conseguen os seus poderes utilizando estes pequenos seres para os seus fins maléficos.

Non temos claro se as bruxas son realmente as propietarias dos demachiños ; ou, pola contra, os demachiños son os donos das bruxas e estas non fan máis que cumprirlles os seus antollos.




4- CRIATURAS DAS AUGAS

O NUBEIRO

Aparece como un vello de barba e sombreiro negro que cabalga sobre os nubarróns da tormenta destrozando as colleitas co seu pedrisco.

Para que non se acerque, ó mellor é tocar as campás, pois os nubeiros veñen sendo unha especie de demos.

Outras veces os veciños xúntanse e, cunha rama de loureiro e auga bendita, pídenlle ó nubeiro que descargue o trebón onde non faga mal.



AS LAVANDEIRAS



Preséntanse de noite no río, nas fontes e nos lavadoiros. Son mulleres vellas, co rostro engurrado e seco. Cando escoitan ruído escóndense en covas a gran velocidade.

O carácter maligno neste mito non sempre se cumpre, pois ás veces axudan a nenos e vellos se están en perigo coa tormenta ou se se perden.

SEREAS

É un mito relacionado co mar e limitado ós pobos de tradición mariñeira.

Hai que ter coidado coa dualidade deste mito como con calquera doutros, pois pode ser benéfica, alegrar cos seus cantos ós mariñeiros ou enganalos e levalos cara a enormes marexadas e galernas.



"Na ría de Pontevedra din que vivía unha serea e que un mariñeiro de Poio namorouse dela na illa de Tambo. Víanse sempre que podían, pero un día desapareceron os dous e nunca máis se soubo."

AS LUMIAS

Viven en covas á beira dos regueiros. Aparécenlle ós homes lavando ou fiando. Son fermosas e, ás veces, como as sereas, teñen medio corpo de muller e outra metade de dragón.


Namoran ós homes, pero son moi perigosas; hai que ter coidado.

AS CIDADES ASOLAGADAS

Non hai lagoa en Galicia que non teña a súa cidade asolagada. Na orixe de tódolos asolagamentos adoita haber un cataclismo relacionado coa auga: chuvias intensas ou diluvios que se producen por un erro colectivo ou individual. En ocasións a maldade consiste na falta de caridade.


Baixo as augas, as cidades asolagadas seguen vivas e, en días sinalados, tocan as campás, óense os galos ou os seus habitantes son agora peixes moi grandes.

"Antioquía foi unha cidade que se asentaba na Limia e quedou asolagada baixo a Lagoa de Antela. Na mañanciña de San Xoán, cando o primeiro raio do sol espella na lagoa, alá baixo, moi fondo, pódese albiscar o campanario e, ás doce en punto da noite de Nadal, óense cantar os galos."



5- CRIATURAS DA NOITE

A COMPAÑA



A compañía é a procesión dos mortos tamén coñecida como Estadea, Procesión, As da Noite, etc.

Ás doce da noite os defuntos de cada parroquia acoden á chamada do que leva máis tempo enterrado, érguense das tumbas e póñense a andar polos camiños.

A procesión vai en dúas ringleiras, os seus integrantes van envoltos nun sudario branco e descalzos. Tódolos membros da comitiva levan luces, candeas ou ósos ardendo. Outros levan un farol, un estandarte, campaiñas e a cruz procesional. O portador da cruz é un vivo que está condenado a andar coa Compañía, a non ser que consiga pasarlle a cruz a outro vivo.

A Compañía sempre representa un perigo e, por iso, non é recomendable andar de noite.

Din que ó lado deste mito tamén se moven moitos bromistas e curas que buscan máis misas de ánimas. Pero

no sentir popular son defuntos que volven para reparar faltas que cometeron de vivos.

"Meu avó díxome que un día que el viña da taberna xa de noite, viu moitas luces que pasaban polo monte, non fixo moito caso, ceou e foi durmir; pero, ó día seguinte, a muller díxolle que morrera un veciño da parroquia do lado. Entón foi cando se deu conta de que aquelas luces que viu a noite anterior era sen dúbida a Santa Compañía".

"Outro avó cóntanos que seu avó lle contou que indo para a casa un día da feira de Celanova, fíxoselle de noite e nun cruce de camiños viu a Compañía. Quedouse paralizado e non se moveu ata que pasou. Ás poucas semanas recibe a noticia de que un irmán que tiña emigrado no Brasil morrera esa mesma noite."

A MORTE BRANCA E NEGRA

A Morte en Galicia ten características de divindade, é considerada xusta, pois fainos a todos iguais, e case que nunca admite recomendacións.


Hai a Morte Branca, que é a encargada de avisar ós que van morrer, e a Morte Negra, que ven recoller ós que xa foron avisados.

Contan que un vello veuno recoller a Morte Negra e este díxolle que aínda non viñera a Branca a avisalo. A Morte Negra parouse a pensar e preguntoulle:

- *Non che caeron os dentes?*
- *Si.*
- *Non perdiches case a vista?*
- *Si.*

- *Non perdiches outras facultades que tanto che gustaban?*
- *Si.*
- *Non andas cos pés a rastro?*
- *Si.*
- *E logo, que máis avisos querías.*

"Conta miña bisavoa paterna que nas aldeas cando o moucho cantaba preto dunha casa pola noite, era sinal de malas novas, anunciaba a morte. Algunha xente intentaba espantar o paxaro, e din que unha vez un home quixo espantar a pedradas ó moucho que de noite se puña nun carballo. O carballo comezou a se transformar en formas demoníacas e o home morreu de susto."



6- CRIATURAS QUE METEN MEDO ÓS NENOS

"Tamén me contou que, cando un can ouvea dúas noite seguidas, é que vai morrer algún veciño."

Hai varios personaxes vinculados ó medo dos rapaces no noso mundo mítico; pero aquí imos falar só dos que levan ós nenos e dos que lle fan mal.

Entre os que levan ós nenos está o Cocón, que é o máis coñecido e universal. Este personaxe é

descrito como un xigantón de ollos como o lume, estómago descomunal, negro e moi peludo.

¡Nenos! un segredo, o Cocón e algúns outros seres que atopas nesta revista, só actúan segundo a comenencia dos pais ou das nais.

Está tamén entre os que levan ós nenos o Home do Saco, cunha figura de xigante esfarrapado e que leva ó lombo un saco, disposto a meter nel ós nenos que se portan mal.

Entre os que lle fan mal ós nenos está o Sacaúntos e o Chupasangues. O Sacaúntos ven sendo

como un boticario que leva un saco e leva ós nenos ou ás rapaciñas novas que teñan o pelo louro e a pel branca, pois di que o unto das mozas é o mellor para certos compostos medicinais.

O Chupasangues din que chupa o sangue cun canuto de madeira de buxo ós nenos que non comen.

Agáchase nos recantos escuros e ás vítimas amoreas debaixo da cama.



CONTA QUE TE CONTA

Os vellos costumes perduran dende tempos pasados. A lúa segue a facer das súas. Déixate aconsellar:

- A verdura, se a plantas en lúa crecente, nacerá máis rápido que cando a plantas en cuarto minguante. (Avoa Matilde)
- Queres ter abundante cabelo? Córtao en lúa crecente. (Avoa Lala)
- Queres podar as árbores? Faino en lúa minguante. (Avoa Lala)
- Para trasfegar o viño? Lúa minguante. (Avoa Nieves)
- Para sacar o abono dos cortellos hai que ter en conta a lúa, xa que inflúe na fermentación. (Avoa Emérita)
- Na matanza, se pousas o porco coa cabeza cara a atrás, non sufrirá; o sangue sairá máis vermello e en maior cantidade. (Avoa Matilde)
- Todos os seres vivos teñen grandes posibilidades de naceren no cambio de lúa. (Avoa Emérita)
- Para matar o porco hai que facelo en cuarto minguante. (Avoa Lala)



- As sementes plántanse en cuarto minguante. (Avoa Nieves)
- En lúa chea nacen máis nenos. (Avoa Isaura)
- Inflúe no amor e desamor. Xa que a muller que nos gusta vese reflectida na lúa. (*Diccionario dos seres míticos*)
- Tamén se lle pide cartos dicindo: "Nova lúa que non ves, dáme diñeiro para todo o mes". (*Diccionario dos seres míticos*)
- Se se lle tiran pedras, acábase o mundo. (*Diccionario dos seres míticos*)
- Dependendo en que fase estea a lúa, pescarás máis ou menos. (Avoa Lala)
- A lúa goberna os mares e, cando sobe o mar, morren os enfermos. (*Diccionario dos seres míticos*)
- O tempo meteorolóxico tamén pode lerse na lúa. Se o cuarto ten os cornos para enriba, anuncia choiva, e se os ten encurvados, tempo seco. Cando é nova ou chea, anuncia choiva, e ten circo e calor se está avermellada. Tamén pode ser que anuncie guerras. (*Diccionario dos seres míticos*)




ALUMNADO DE 4º

OS PEQUENOS "TRASNOS" DE 3 ANOS




LUCIA



BRAIS



ANA



PABLO



FELIPE




JOEL



ANDRÉS



DANI



JAVIER



ALBA




SHEILA



ETHAN



CARLA



PAULA

* Metem medo...!



Camila 2º



Sandra
7º

* A Maria Montela



1º

Colle as nenas
num saco ou nunha
manta para facelas
cantar polas feiras.



2º



3º



O chupasangres

BRAIS 1º



Lucía 2º



EVELYN 1º

* O chupasangre
É malo, malísimo. É chichalle
a sangue ós nenos que
pilla.




Hernán 2º
chupasangres




DAVID
1º



Paula -1º





* Lobishome



¹⁰ Hugo V.

É un home que pola noite

é lobo. E papa a todo o mundo.



Diego^{2º}



* Os Cocóns

Ninguém sabe como son
e ainda así dan medo.

Silvia 2º


E para durmir ben
chamas a

* Pedro Chosco

Só se pode ver cun ollo
aberto e o outro pechado e
fai durmir a quen o mira.



Arturo Chosco



A durmir .

PEDRO CHOSCO



Todo o mundo sabe que Pedro Chosco é o misterioso personaxe que fai adormecer os rapaciños.

"...segundo o meu tío Xabier, é o título dun libro que conta as súas aventuras."

(Samuel)

"...gústanlle as mozas novas, e unha cantiga di del:

*Vaite de aí, Pedro Chosco,
Non me tentes a criada;
Nin ma vistes, nin ma calzas
Nin lle pagas a soldada."*

(Desny)

"...para a avoa Matilde, Pedro Chosco é un home que ve, pero fai que non ve."

(David)

"...para meu avó, Pedro Chosco, como di tantas mentiras, quedou chosco."

(Julia)

"...cando meu irmán Felipe ten sono, miña avoa di: "Anda Pedro Chosco."

(Pablo)

"...na miña casa, pola noite, cando estamos vendo a televisión, entra meu pai e dinos: "Que ven Pedro Chosco!, para botarnos á cama."

(Christian)

"...díxome meu pai que, cando era pequeno e non quería ir para a cama, a miña avoíña dicíalle:

- Queres ir viaxar con Pedro Chosco?


- Si, si...Ata mañá, mamá!

...e meu pai ía para a cama a viaxar."

(Julia)

"...para o meu avó, Pedro Chosco é un home que fala baixiño para que os pequechos sintan ganas de durmir."


(Celia)




ALUMNADO DE 4º

A doniña cerva

Hai moitos anos, moraba nun castelo de terras de Cervantes, un señor chamado **FROYAZ**, que tiña dous fillos: **EGAS** e **ALDARA**.




Os dous irmáns, queríanse moito e ían xuntos dar un paseo da cabalo.




Aldara tiña un namorado, o xove **ARAS** fillo do señor doutro castelo.

Mais un serán á hora de xantar, Aldara non apareceu. Preguntou seu pai por ela e preguntou tamén o irmán. Ninguén soubo dicir nada.



Enviaron un mensaxeiro ó castelo de Aras. Todos xuntos buscaron por montes e fragas sen resultado.




Despois dalgúns días imaxinaron que Aldara tiña sido morta por algún oso, ou esnaquizada polos lobos.




Un día Egas indo de
casa, chegou a unha valiña
na procura dunha pita monteira.
Cando viña xa de volta,

quedou sorprendido ó
ver unha fermosa
cerva branca.



Con certo tino enviou unha
frecha á cervo que caeu ferida
de morte.



Como non podería
levar aquela carga
cortou unha das
patas da cervo e
gardouna no fardel.





Cando Egas chegou ó castelo, tirou


do fardel a pata da cerva,

Pero o que atopou foi unha man fina e branca cun anel de ouro, o anel de Aldara.



Egas e o pai coveron deica o lugar onde fora derrubada a cerva. Alí estaba Aldara, no chan cunha mancha vermella no peito.

E no brazo mancáballe unha man.



¿Qué mouro a encantou?

Endescamais puido saberse.

(5 ANOS)

A Sereia Maruxaina

Na Morriña de Lugo en San Cibrao, celébranse unhas festas no mes de Agosto que relembran a Lenda da Sereia Maruxaina.

Pervive, na mente das xentes daquela vila mariñeira, a lenda daquela ninfa que desde o mar atrae cos seus cantos e os seus encantos os mariñeiros para que despois naufraguen. Embobados por un espellismo, por unha ilusión óptica que os hipnotiza e enfeitiza, van caendo, hoxe uns, mañá outros.

Mentres ela ri gargallada e compracida por aquel desexo que castiga a todo o pobo.

Mais nunha ocasión e despois de reparar nas desgracias acaecidas e nas manifestacións dos naucos que puideron



M
A
R
U
X
A
I
N
A

contato, puxéronse de acordo para buscar unha solución.

Para non caer nas trampas da serea nin sentir
sequera as músicas engañadoras nin as melodías
de namoro que lles interpretaba, fixeron saar todos
xuntos unhas cornas.

Así mesmo para non caer fascinados polos seus
encantos acordaron ir de noite. No rolo apagaron
todas as luces, velas e lámpadas e saíron à procura
da serea. Esta empregou de cantos recursos e
feitizos coñecío, pero de nada lle valeron.

De volta e xa capturada puideron marcar ruta por
medio de luces e unha grande algarabía de satisfa-
cción. Levárona á Prasa Maior da vila e alixulgaróna
pola súa conducta. Ó final foi condenada e pagou
as súas culpas sen ningún miramento.

A lenda do loro Ravachol



Esta é a historia real dun loro que vivía na cidade de Pontevedra. Nesta cidade había unha botica chamada " A Peregrina ", cuxo propietario exercía de boticario acompañado dun nobre loro chamado Ravachol.

A súa farmacia era o lugar de reunión de coñecidos intelectuais da época, entre os que figuraba D^a Emilia Pardo Bazán.

Como a maioría dos tertuliáns era do xénero masculino, unha das súas actividades preferidas era piropear ás mozas que paseaban diante da botica, afagos ós que se unía, encantado, o noso simpático amigo Ravachol.

Pasou así a ser un importante e querido membro da comunidade ata que o cinco de febreiro de 1913 falecía ós vinte e dous anos de idade.


A cidade, que se encontraba en plenos carnavais, sumiuse nun dramático loito. Desgarrados de dor foron un a un dándolle o



pésame ó aflixido boticario e decidiron facerlle os funerais máis luxosos que tivera ave algunha. Foi velado nun leito de flores e conducido á súa última morada nunha carroza fúnebre, tirada por cabalos negros, ata unha finca que posuía o seu amo, na que recibiu sepultura.

Durante os anos seguintes os pontevedreses resucitaban o seu loro durante os carnavais para voltar a celebrar o seu funeral. Ó termo do mesmo cegaban a chorar bágoas de alvaríño.




A tradición perdeuse durante os anos nos que o carnaval estivo prohibido, pero en 1985 recuperouse e cada ano o loro volta a Pontevedra, durante uns días, para morrer e renacer ó ano seguinte.



Pablon, Christian, Celso e Adrián.


42


Na auga non só hai peixes



* A balea gigante




En San Cibrán apareceu unha balea que levaba unha imaxe da Virxe na barriga. San Gonzalo tivo que meterse dentro para collela.





* O bergantín fantasma.

Nas illas Cies hai moitos anos que naufragou un bergantín. Cando hai temporal aparece de novo e os mariñeiros fantasmas beben moito.



* O home peixe



É medio home e medio peixe. Ten un goviño e vai navegando cun bail. Ninguén sabe o que garda.






* A maruxaina e as mariñas.



Son mulleres con cola de peixe. Cantan moi ben, pero ás veces poden facelo para enganar ós mariñeiros.






Mariñas



Os nenos e nenas da clase de 4 ANOS
pensan ca lenda das meigas galegas é verdade e
habelas, hailas... por iso debuxan a
PELUSILLA , a súa meiga favorita.

MANUEL




ALFONSO



LETICIA



ALEJANDRO





PAULA



GUILLERMO



ANTONY




NOELIA



IRIA



DANIEL



Julia
4-B

A LENDA DA COCA

ESCOLA

Concello de Redondela

!Ha Ha Ha!

¡Que rito!

¡Ai, sorrirooo...

¡Xa, xa te teño!

Ei, que para?

¡Ho, non!


¡Maldito!

¡Aaaah!

CACHAMUÑAS UN HEROE LEXENDARIO


Cachamuñas foi un militar Vigués que interviu na guerra contra os franceses. Armado cunha machada capitaneou un exército de labregos, derribou a porta da Camba e liberou a cidade de Vigo do exército francés. Por esta faeña converteuse nunha lenda para a cidade de Vigo.

Celia, 4º



Os ríos levan auga e
moitos perigos


* Dician que se pasaban
o río Limia esquecían
todo. Perdían toda
a memoria.



Pero...




un xeneral
romano pasouno
e chamou polos
soldados para
quitarlle o medo.



* A barca pantasma


E cando non había pontes
pasaban o río nunha
barca. No medio a
barca pantasma
desaparecía.



* Animais fabulosos!


* O basilisco

Sae dun ovo moi raro e tes que
poñerlle un espello diante para
que non se cabree.




* As cobras



Hainas con
sete cabezas.



* Os lagartos Cuspen moito e
se teñen días colas
acertan a lotería.



* A coca de Redondela



Era un monstro que
apareceu en Redondela e
papaba ás raparzas.


Os mariñeiros matárona
cunhas espadas.



A LENDA DOS MARIÑOS
5 ANOS



O Conde FROYAZ



Vivía nun CASTELO.



Gustáballe montar
a cabalo.



É saír a cazar
cos seus Escudeiros




Un día atoparon na
praia unha SEREA.



Leváronna ó Castelo e
puxerónlle de nome MARIÑA.



MARIÑA e FROYAZ
namoráanse e casan;



Tiveron un fermoso
NENO.



Mais MARIÑA non é capaz de falar.



A noite das FOGUIRAS de S.XOAN, o pai xogaba co neno,



a nai pensou que ía caer e berrou ¡FILLO!



Dende aquela falou e todos foron felices. E o neno chamouse XOAN.


O TARDO

A avoa da miña nai contábame, cando era pequena, que lle contaban os seus avós que no noso país hai xenios maléficos que non son, nin bruxas, nin demos; o Tardo é un espírito a quen se lle atribúen os pesadelos que se senten durante o sono.

Para poder durmir tranquilo e librarse da pesada broma do xenio hai que deixarlle sobre a mesa máis cercana un puñado de centeo, trigo, millo ou alpiste, co obxecto de que se entreteña contando os grans que ten.

O tardo só sabe contar ata cen; ó chegar a esta cifra equivócase e volve contar; pasando neste menestere ata que chega o día, sen lembrarse de pousarse na cama do que dorme.





(Pablo, 4º)



* Son @ demo!

* Os demochiños

Son moi pequeniños e unha bruxa lévaos garda dos nunha caixa. Se a abres saen e métense no corpo da xente e fan moitas tolerías.



* Os nubiros

Viven nas nubes e fan a chuvia e as tronadas. Primeiro mexan e logo suben ó ceo nun remuíño.

Nubiros



Samuel



Bela 2:

* O demo Leonardo

É o demo que reparte as moscas polo mundo adiante.

LEONARDO




Javier

Demo Leonardo



* Os Caballos


Às vezes o demo aparecia como
um cavallo e podias quedar pegado.



Qu podias caer porque o cavallo

partia pola
metade.

E logo outra
vez estava
entero.





O Cabalo demo

Miguel 2º


~~Francisco~~

On podía
poñerse moi
longo para
levar a
moita xente.



E sempre
desaparecía,
e caían.


ERA O CABALO
PANTASMA.



Francisco 1º




Diego 2º



THIA 7: Cabalo pantasma

Cabalo pantasma



Dario 1º




REVISTA SUBVENCIONADA POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
DEPARTAMENTO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.




Un día Egas indo de
casa, chegou a unha valiña
na procura dunha pita monteira.
Cando viña xa de volta,

quedou sorprendido ó
ver unha fermosa
cerva branca.



Con certo tino enviou unha
frecha á cervo que caeu ferida
de morte.



Como non podería
levar aquela carga
cortou unha das
patas da cervo e
gardouna no fardel.

